


HISTORIA.



Existen moitos ritos de carácter máxico ou supersticioso asociados a esta celebración: saltar as fogueiras, poñer un ramo de herbas de San Xoán nas portas da casa coa finalidade de protexerse das meigas, lavarse ao amencer en mananciais ou con auga de rosas etc.

A Véspera de San Juan ou Noite de San Juan é unha festividade cristiá, de orixe pagá. No calendario celta esta festa corresponde a Litha, o outro gran solsticio do ano, o de verán. Marca o inicio do verán, pero tamén o inicio das noites máis curtas.

Aínda que actualmente a Noite de San Xoán se celebra a noite do 23 ao 24 de xuño, como xa sabedes, na súa orixe estas festas dependían dun calendario lunisolar e da celebración das festas dos solsticios. A noite máis curta do ano correspóndese coa daquela día na que o Sol pasa máis tempo sobre o horizonte, e ten lugar en xuño no hemisferio norte e en decembro no hemisferio sur. Pode darse entre o 20 ao 22 de xuño, pero antes de que se aplicase a corrección do calendario gregoriano, o solsticio de verán podía caer no 23, 24, ou mesmo o 25 de xuño, de aí a orixe da confusión de datas.

O ritual co que se asocia indiscutiblemente a Noite de San Xoán son As FOGUEIRAS, que se acenden no serán do 23 de xuño. Nesta festa era tradición acender grandes fogueiras, chamadas tamén cacharelas, cachadas, cachelas ou lumaradas para alongar aínda máis o día máis longo do ano; a habitual era acendelas nas praias, como hoxe en día, e saltar por encima delas para logo saltar novamente ao mar, a modo de purificación. Para a elaboración das cacharelas, os días previos á celebración, os mozos e veciños van amoreando produtos de madeira nalgún lugar aberto e de paso público (prazas, encrucilladas ou, actualmente, praias) ata que, no comezo da noite, se prende lume a estes cúmulos entre a expectación de todos os veciños. Nas horas seguintes, cómense sardiñas á brasa e bébese viño, cantando e bailando ao redor da fogueira e, cando esta está practicamente consumida, remátase saltando sobre as derradeiras lapas, mentres se realizan diversos recitados para espantar a mala sorte.

Outro dos rituais vencellado a esta conmemoración e máis repetido en todo o territorio galego son os preparados con Herbas de San Xoán. A preparación sería a seguinte:

1. Recolección das plantas (plantas, herbas, flores e follas medicinais) durante a véspera de San Xoán.
2. Unha vez recollidas, haberá que preparar a auga. En primeiro lugar hai que coller auga de sete fontes diferentes.
3. Metemos as plantas colleitas no líquido e deixámolas repousar durante toda a noite á intemperie.
4. Cando nos levantemos a mañá de San Xoán, o primeiro que hai que facer é lavarse a cara con esa auga, coa que conseguiremos previr enfermidades cutáneas, rexuvenecer a pel e espantar os malos agoiros ata o próximo ano.